



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Español			
Código	V01G230V01940			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García González, Marta			
Profesorado	García González, Marta			
Correo-e	mgarciag@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal formar os estudantes na práctica da tradución directa inglés - español nos campos económico e institucional, cos obxectivos secundarios de orientalos á comprensión dos textos destes campos, de dotalos duns coñecementos básicos sobre economía e xestión, de proporcionarlles unha certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico cara á actividade da tradución.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Ser quen de comprender textos avanzados de natureza económica e administrativa.	A1 A2 A3 A4	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C24 C26 C27
Adquirir un certo espírito crítico respecto á calidade e fiabilidade dos textos orixinais, das fontes documentais e das traducións propias e alleas.	A1 A2 A3 A4	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C17 C18 C21 C22 C24 C26 C27
Coñecer as características dos textos económicos e administrativos redactados en lingua inglesa e en lingua española.	A2 A3 A4	C1 C2 C3 C4 C26
Ser quen de traducir do inglés ao castelán, dun xeito preciso e co estilo axeitado, textos de natureza económica e administrativa.	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C10 C16 C17 C18 C21 C22 C24 C26 C27

Contidos

Tema	
BLOQUE 1: TRADUCCIÓN DE TEXTOS ADMINISTRATIVOS	Tradución de documentación do rexistro civil (o nacemento, o matrimonio, a defunción, a sucesión) e do contexto académico (certificados, títulos, programas docentes).
BLOQUE 2: TRADUCCIÓN DE TEXTOS MACROECONÓMICOS	Tradución de textos de actualidade relacionados coa economía internacional, os sistemas financeiros, a banca e a bolsa.
BLOQUE 3: TRADUCCIÓN DE TEXTOS MICROECONÓMICOS	Tradución de textos relacionados coa actividade comercial e de xestión das empresas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudos/actividades previas	4	2	6
Estudo de casos/análises de situacións	8	16	24
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	20	50	70
Traballo tutelado	10	30	40
Probas de resposta curta	2	2	4
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias teñen como obxectivo presentar a materia ao alumnado.
Estudos/actividades previas	As actividades previas teñen como obxectivo reunir información sobre o alumnado para avaliar a situación de partida mediante un exercicio breve de tradución e un cuestionario.
Estudo de casos/análises de situacións	Actividades de análise previa dos textos propostos para traducir, en que se inclúe a detección e resolución de necesidades documentais.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Actividades en que se formulan exercicios ou encomendas relacionados coa materia. O alumno, de maneira individual ou en grupo, debe resolver adecuadamente a tarefa encomendada aplicando procedementos e estratexias adecuados. Esta metodoloxía inclúe tamén traballo na aula.
Traballo tutelado	Realización de actividades que enfrontan os alumnos, traballando en equipo ou individualmente segundo o permitan as características do grupo matriculado, a problemas abertos de tradución. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de organización autónoma do traballo, aprendizaxe en cooperación, aprendizaxe autónoma, comunicación e fortalecemento das relacións persoais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliáveis; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para as actividades introdutorias e os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliáveis. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliáveis; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para as actividades introdutorias e os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliáveis. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.
Traballo tutelado	Recoméndase facer uso das horas de titoría para despexar dúbidas antes da realización das probas prácticas avaliáveis; en calquera caso, tamén se proporcionará atención personalizada nas horas de práctica en grupos reducidos para as actividades introdutorias e os casos prácticos, así como na corrección das encargas avaliáveis. Os alumnos que se atopen en circunstancias excepcionais por calquera motivo laboral, persoal ou de discapacidade poderán solicitar unha atención personalizada a maior nivel sempre que o xustifiquen debidamente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Os estudantes deben subir ao seu cartafol persoal de FAITIC todas as tarefas que se lles encomenden, sexan exercicios, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou grupais). A profesora avaliará unha selección destas tarefas.	25	A2 C1 C2 C3 C4 C5 C8 C10 C16 C17 C18 C21 C22 C24 C26 C27

Traballo tutelado	O estudante entregará unha traducción realizada en grupo (se as condicións de matrícula o permiten), xunto cunha serie de tarefas que se lle propoñerán como parte do traballo. A este traballo asígnaselle un 25% da nota final da materia e é obrigatorio presentalo para poder aprobar a materia. A entrega realizarase dúas semanas despois do remate da docencia presencial.	25	A2 A5	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C10 C16 C17 C18 C21 C22 C24 C26 C27
Probas de resposta curta	As probas de resposta curta consistirán en preguntas breves sobre cada un dos bloques de contidos que se realizarán ao longo do curso. Estas probas non son de carácter eliminatorio e están orientadas a comprobar que os estudantes comprenden a materia tratada en cada un dos bloques, necesaria para a correcta tradución dos textos propostos.	10	A1	C2 C24 C26 C27
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	A proba práctica consistirá na realización dunha tradución directa, que terá lugar na última semana do curso. É obrigatorio aprobar esta proba para aprobar a materia. Data de celebración: última semana de clase ou semana seguinte	40	A1 A2	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C17 C18 C21 C22 C24 C26 C27

Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua. As metodoloxías descritas no cadro e as porcentaxes asignadas a cada unha delas aplícanse ao sistema de avaliación continua. No entanto, se algún alumno, por motivos xustificadas, non pode asistir a clase, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día no que se matricule un xustificante especificando este particular.

ESIXENCIAS DA AVALIACIÓN CONTINUA:

- Entregar dentro do prazo establecido o 100% das tarefas encomendadas ao longo do curso, incluídas aquelas que non teñen peso na cualificación final. Todas as tarefas deberán estar completas para que conten como entregadas.

Para o desenvolvemento da proba práctica permítese o uso de apuntamentos e medios impresos pero non medios telemáticos. Para as probas de resposta curta non se permitirá o uso de ningún destes recursos.

A PROBA PRÁCTICA CELEBRARASE NA ÚLTIMA SESIÓN DO CURSO EN HORARIO DE CLASE OU NA SEMANA OFICIAL DE EXAMES.

ESIXENCIAS DA AVALIACIÓN ÚNICA:

A avaliación dos estudantes que non se acollesen ao sistema de avaliación continua consistirá na realización dunha tradución do inglés ao español dun texto dunhas 400 palabras, que suporá un 40% da cualificación da materia, a resposta a unhas preguntas breves sobre a materia, que suporán o 30% da nota, e unha encomenda específica de tradución que se recibirá o día do exame e que deberá ser entregada nun prazo máximo de 48 horas (30% da nota). O exame de maio realizarase na data oficial fixada polo decanato. Calquera cambio notificarase a través da plataforma FAITIC.

SEGUNDA CONVOCATORIA (XULLO)

PARA SUPERAR A MATERIA NA SEGUNDA CONVOCATORIA, OS ESTUDANTES DEBERÁN APROBAR UN EXAME, QUE SE CELEBRARÁ NA DATA OFICIAL PREVISTA POLO DECANATO DO CENTRO E QUE CONSTARÁ DAS SEGUINTE PROBAS (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):

1. Proba de contidos sobre a materia, que incluírá preguntas breves (30%).

2. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 300-350 palabras) do inglés cara ao español (40%).
3. Encomenda específica de tradución que se recibirá o día do exame e que deberá ser entregada nun prazo máximo de 48 horas (30%)

Para o desenvolvemento da proba práctica permítese o uso de apuntamentos e materiais impresos pero non de medios telemáticos. Para as probas de resposta curta non se permitirá o uso de ningún destes recursos.

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA NO SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA CONVOCATORIA.

PARA SUPERAR A MATERIA OS ESTUDANTES DEBERÁN OBTENIR POLO MENOS A CUALIFICACIÓN DE APROBADO (5) NAS TRES PARTES DA PROBA.

En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de *suspenso* aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía ou erros gramaticais.
- Incurran en plaxio total ou parcialmente.

Os estudantes teñen dereito, se o solicitan, a un xustificante documental que acredite terse presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Español/V01G230V01948

Tradución económica idioma 1: Francés-Español/V01G230V01804

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés/V01G230V01105

Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés/V01G230V01205

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Tradución idioma 2, II: Inglés-Español/V01G230V01507

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español/V01G230V01705

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
